



PRESENTACIÓN

Obxectivos e programas

I. PRESENTACIÓN

O contido desta memoria reflicte a articulación dos programas e obxectivos de natureza estratéxica incluídos nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

Na súa primeira parte analízanse as principais características da estratexia dos Programas Operativos que son cofinanciados polos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE) 2014-2020 en Galicia.

Recóllese así mesmo a inserción da política rexional comunitaria do período 2014-2020 nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2016, mediante as asignacións correspondentes aos Programas do FEDER, FSE e Emprego Xuvenil. Coa mesma finalidade intégranse nos orzamentos de 2016 a asignación das políticas sectoriais de Desenvolvemento Rural e Marítima e de Pesca do período, a través dos Programas do FEADER e do FEMP, respectivamente.

Nunha segunda parte analízanse as prioridades de actuación estratéxicas para o ano 2016, poñendo de manifesto as interrelacións existentes entre os programas de gasto, os obxectivos e as actuacións do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 fixadas pola acción do goberno.

E finalmente inclúense as fichas de cada un dos programas de gasto que integran a clasificación funcional dos orzamentos.

